



**CONCELLO DE VIGO
SERVIZO DE EDUCACIÓN**

Estimado/a Director/a:

Co propósito de contribuir a fomentar unha conciencia ecolóxica no noso alumnado de educación primaria, achégolle cumprida información do proxecto didáctico que promove este Servizo de Educación, e que leva por título: “UNHA HORTA ECOLÓXICA NA ESCOLA”.

A referida proposta educativa pretende incorporar a horta escolar como un recurso didáctico e unha ferramenta activo-lúdica, que por unha banda sirva de apoio ás diversas materias impartidas polo profesorado e por outra banda reforze no alumnado a súa responsabilidade ecolóxica e a súa sensibilización hacia o medio ambiente.

Adxúntase a descrición do programa de actividades e plan de traballo que se suxire, que inclúe sesións formativas con frecuencia semanal en horario lectivo escolar a consensuar co centro interesado.

No marco deste programa, neste intre están a participar catro CEIPS públicos que traballan pola posta en valor deste recurso, e temos intención de extender a convocatoria de participación a outros dous centros escolares interesados.

Por elo, prégoles traslade a presente información ao profesorado do seu centro, indicando que para poder solicitar a participación do mesmo, deberán enviar cuberta a ficha de inscrición adxunta segundo as instrucións que se citan. Dado que o número de centros escolares que podemos asumir para incorporarse a esta iniciativa é limitado, de ser o caso, atenderase a criterios como a rigurosa orde de solicitude.

Esperando que sexa de interese e utilidade para a comunidade educativa, reciba un cordial saúdo.

Vigo, a 23 de Setembro de 2008

A CONCELLEIRA DELEGADA
DE EDUCACIÓN

Firma manuscrita en azul da Concelleira Delegada de Educación.

Asdo: Laura López Atrio

